

**PROVIDENCIA DE INICIO DE EXPEDIENTE DE CONTRATO PRIVADO DE ADQUISICIÓN
DE DE TERRENOS SITOS NAS INMEDIACIÓN S DA CAPELA E CEMITERIO DE SAN
XOSÉ DE ALBORIN, RUS.
(PRI 22/2018)**

1.- Xustificación da necesidade da contratación:

D. Luis Maria Lamas Alvarez concelleiro delegado de Obras e Servizos expón no seu informe de necesidade do 16 de outubro de 2018 que por parte da comunidade veciñal da parroquia de Rus (parta da Alta) amosáronme a necesidade de dispor nas inmediacións do Cemiterio e da Capela de San Xosé de Alborín dunha zona de aparcadoiro público coa finalidade de dar servizo ás persoas que acuden aos actos litúrxicos.

Por iso, é convinte coñecer a dispoñibilidade para a venda de terreos que se sitúen próximos ao citado lugar de culto, e, xa que logo, presentar unha oferta pública de adquisición do solo cunha superficie mínima de 5000 metros cadrados, que linde cos accesos á Capela e ao Cemiterio, e que o seu prezo non sexa superior aos 2 euros metro cadrado, ive engadido.

Neste sentido, a comunidade veciñal da parroquia de Rus comprometeuse a aportar ao Concello de Carballo o 50% do importe total da adquisición dos terreos, que serán destinados a servizo público, nomeadamente a aparcadoiro público e outros usos comunitarios.

Polo anteriormente exposto, tramítase polo Servizo de Contratación o correspondente expediente de contratación con arranxo ás seguintes características:

2.- Obxecto do contrato:

O obxecto deste contrato privado é a adquisición, a título oneroso por concurso, de terreos sitos nas inmediacións da capela e cemiterio de San Xosé de Alborín, na parroquia de Rus con destino a aparcamento e outros usos comunitarios, conforme ao prego de cláusulas administrativas particulares redactado pola Concelleira delegada de Contratación, Dña. Milagros Lantes Seara, o 12/11/2018.

Terreos a adquirir:

O terreo que se pretende adquirir, con destino a aparcamento e outros usos comunitarios, reunirá as seguintes características:

- Parcelas catastrais lindantes cos accesos á capela e cemiterio de San Xosé de Alborín, na parroquia de Rus deste término municipal (plano anexo I do PCAP).
- A superficie mínima da parcela será de 5.000 m².

3.- Prezo do inmovible ou inmovibles a adquirir polo Concello de Carballo:

O tipo máximo de licitación para a adquisición das parcelas é de 4,40 €/m², podendo ser obxecto de mellora á baixa. Os ofertantes indicarán nas súas proposicións o prezo unitario ofertado da parcela ou parcelas catastrais que pretenden allear ao Concello. O prezo final da parcela será o resultado de aplicar á parcela catastral ofertada o prezo unitario ofertado.

4.- Tramitación do expediente e procedemento de adjudicación:

De acordo co previsto no art. 116.4 da Lei 33/2003 e 159 da LCSP, o procedemento a utilizar é o aberto simplificado ó prezo máis económico.

5.- Medios de acreditar a solvencia técnica e económica:

A xustificación da solvencia económica e financeira do empresario poderá acreditarse polos medios seguintes:

- Tratándose de persoas xurídicas: Presentación das contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, si o empresario estivera inscrito en dito rexistro, e en caso contrario polas depositadas no rexistro oficial no que deba estar inscrito.

- Tratándose de persoas físicas: Presentación de certificación emitida pola Axencia Tributaria respecto da última declaración do IRPF

6.- Criterios base para a adxudicación do contrato:

A adxudicación recaerá no licitador que realice a proposición que o Concello de Carballo considere mais vantaxosa para os intereses municipais atendendo exclusivamente ao prezo.

De acordo co anteriormente exposto:

- Certifíquese pola Intervención Municipal a consignación presupostaria, incorporando a mesma ao expediente.
- Solicitase a retención de crédito correspondente.
- Incorporación do Prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas, para a contratación deste contrato.
- Emítase informe xurídico ao Prego.
- Emítase informe de fiscalización.

Carballo, 09 de novembro de 2018

A Concelleira delegada de Planificación e Mobilidade Urbana, Contratación e Seguridade Cidadá

Asdo.: Milagros Lantes Seara